

EXCURSIÓN A PARQUE ACUÁTICO DE AMARANTE

ANPA OS MUÍÑOS

8 XUÑO

SAÍDA DO COLEXIO: 9:00h.* (chegada ao parque en torno ás 11.15h)

REGRESO: 18:30h.* (chegada ao colexio en torno ás 20.45h)

LER ATENTAMENTE AS SEGUINTE INSTRUCCIÓN

TRANSPORTE

- O ANPA cubre o custo dun autobús, cunha capacidade para 55 persoas
- **Terán preferencia de inscrición con servizo a bus aquelas familias socias da ANPA**
- As familias NON SOCIAS do centro, poderán apuntarse con opción a bus en caso de dispoñibilidade de prazas vacantes, aboando a cantidade de 5€/persoa, nun segundo prazo que abrirá o 28 de maio en caso de vacantes.
- Visto o interese das familias por realizar a actividade, non prevemos a posibilidade de que acudan familias ou persoas alleas ao centro. Soamente, adultos que deban ir **acompañando a alumnos socios do ANPA**, no caso de que os seus pais non poidan acompañalos. **E neste caso acudirán como responsables de ditos menores coa correspondente autorización da Garda Civil, xa que lembramos estamos cruzando unha fronteira.**

ENTRADA AO PARQUE, TARIFAS E COMIDA

- Os prezos ofertados polo Parque acuático son un 20% sobre a tarifa ordinaria quedando:
 - Menores ata 4 anos: 0€
 - **Menores entre 5 a 11 anos: 13,52€**
 - **Adultos: 20€**
- O Parque acuático conta cun servizo de cantina, pero está permitida a entrada con comida. Cada familia xestionará o xantar segundo a súa preferencia (en CANTINA ou PICNIC propio). Non está permitido o acceso ao parque con botellas ou recipientes de vidro.

RESPONSABILIDADES E COIDADOS DURANTE A EXCURSIÓN.

- A presente excursión implica o cruce da fronteira, polo que os menores deben ir provistos de DNI e acompañados das súas nais ou pais. En caso de non poder ir con eles poderán delegar noutro adulto, pero deberán obter un permiso especial ante o cuartel da Garda Civil.
- Así mesmo **tódalas persoas deberán ir provistas do seu DNI e aconsellamos tramitar a TARXETA EUROPEA SANITARIA**, xa que en caso de precisar por calquera causa usar os servizos sanitarios portugueses, vai ser indispensable. Neste [enlace](#) explican como obtela a través de internet, é moi sinxelo.
- **Os pais, nais, ou persoa responsable, faranse cargo en todo momento do comportamento e coidado dos seus fillos tanto no traxecto, como especialmente no Parque e nas atraccións acuáticas.**

INSCRICIÓN E RESERVA DA PRAZA:

- Para inscribirse e garantir a praza na excursión, os interesados deberán cubrir o [formulario](#) (excepto os que xa o cubriron no mes de abril) e **facer o ingreso polo prezo das entradas na conta da ANPA: ES17 2080 5038 4430 0019 8306 antes do 24 de MAIO, indicando no concepto:**

VIAXE AMARANTE + Nome e apelidos dun adulto + nº de membros que acoden (p.ex. 2 ADULTOS, 1 NENO)

Aquelas familias que non cubriran o formulario de inscrición con anterioridade poden atopalo no seguinte enlace: <https://forms.office.com/r/Bpein9fELi>

Se tes problema para o facer a transferencia escribenos a anpasolanas@hotmail.com, e buscamos unha alternativa.

- En caso de quedar prazas vacantes abrírase un novo prazo de inscrición **para as familias NON SOCIAS entre o 28 e o 31 de maio.**

CANCELACIÓNS OU CAMBIOS

- Unha vez rematado o prazo de inscrición o ANPA realizará o pago da actividade, co cal adquire o compromiso da visita. Non se reembolsará o diñeiro ás familias anotadas, salvo caso de forza maior debidamente xustificado.

Se tes calquera dúbida ou cuestión ponte en contacto con nós en anpasolanas@hotmail.com